





40 anos da revista Encrucillada



A foto que fala

O mapa do medo. Un proxecto (en construción) da estudante de fotografía Jessyca Ocampo, no que recolle e localiza as agresións machistas que cada día sofren as mulleres en Galicia.



O trasno Bretañización

Daniel López Muñoz



Están obsesionados co turismo, co turismo masivo e invasivo, que é a salvación política e económica de quen non ten mellores ideas, mellor concepto de país, mellor alternativa de desenvolvemento. E como cuestións o invento, como lle apoñas una dúbida, chámante turismofóbico, xenófobo e separatista.

O camiño de Santiago é unha feira de turismo barato e non se sabe ben que tipo de símbolo espiritual sobrevive a tanta excursión de escolinos concertados con cánticos gozosos. Hai piñas por unha cama nos albergues

dos pisos por internet para turistas, expulsan os nativos e fan inviable a microeconomía da clase traballadora residente. O turismo nas cidades, convertidas en parques temáticos, é un pesadelo para as mozas e os mozos precariados, para os minus-mileuristas, para a maioría da clase traballadora emerxente, que son traballadores pobres. Só os multipropiedarios de pisos vacantes gañan, nin sequera gaña o fisco.

E despois están outros asuntos, que xa son para sensibilidades de nivel avanzado, e nunca, éche o que

e trampas de todo tipo na conquista do catre, o que di pouco da harmonía entre camiñantes e da enxebreza da camiñada. Pero quere-se máis. O Atrancobeo 2021. Cantidade. Masa. Bater récords. Colapsar todo. Imaxinar Galicia como unha infinita praia das catedrais.

As cidades, co maná

hai, nunca serán nin entendidos nin compartidos por quen agora manda neste país galego. É a bretañización que describía non hai moito Manolo Gago nunha entrevista sen desperdicio en ideas.gal. Dicía:

...A nosa sociedade avanza con rapidez cara unha certa desgaleguización, no sentido da perda de determinados imaxinarios, valores e intanxibles do que o máis evidente é a lingua. Creo que o horizonte, se non o paramos, pode ser a Bretaña francesa actual -un vago sentido da identidade, máis folclórico que outra cousa-, un uso ritual da lingua e un orgullo no gastronómico e no festeiro -é dicir, naquilo que non é conflitivo- pero co sentido cívico anulado. O problema é grande e non se está a abordar de maneira seria, sobre todo porque, nun contexto de crecemento turístico que non vai parar nos vindeiros anos, os gobernos terán a inercia de orientar e confundir deliberadamente a produción cultural cos contidos turísticos. Iso vai levar a unha infantilización, simplificación e estereotipación da nosa identidade que xa comezou.

Editorial AUDASA como síntoma

A AP 9 pode chegar a converterse nun pesadelo e unha proba de lume para o actual goberno galego.

O prezo e as subas acumuladas poden parecerlle anécdotas a unha conselleira ou a un alto cargo cun bo salario, pero causan indignación entre a xente do común, xa no límite, nesta recuperación económica mal repartida. E da indignación polo concreto veñen as preguntas. E por medio das preguntas pode desvelarse a trampa que hai en certos dogmas das políticas neoliberais. Como o da eficiencia da xestión privada. Eficiencia

para quen?

Porque máis que anecdótico, o tema da AP9 é sintomático.

Non pode ser que en Galicia paguemos non só o combustible máis caro, senón, ademais, as peaxes máis caras por unha autoestrada sen vías alternativas comparables.

Non pode ser que despois de 40 anos e ao redor de 850

millóns de euros de beneficio neto, se chegase a un punto no que a concesión se dilate até o 2048.

Non pode ser que nunha concesión sexa intocable o beneficio para o explotador privado e se repercute o prezo nos usuarios con total independencia da calidade do servizo, como se demostra nas quilométricas colas en determinadas datas críticas. E con cabinas de peaxe baleiras.

Nin debería ser que nun contrato de concesión dun servizo público esencial e monopolístico non se limite a marxe de beneficio do explotador.

Nin que AUDASA lidere as autoestradas en número de queixas e estea entre as últimas en número de empregados.

Se resulta que efectivamente os atrancos legais, xurídicos, contractuais son insalvables, alguén terá que dar boa conta das decisións políticas que desembocaron nesta situación. E facer autocrítica pública sobre os efectos desa privatización, da maneira de facela, da maneira de xestionala, dos efectos sobre os nosos petos.

Non vale o de dicir en Galicia que debe ser transferida e aceptar despois que todo siga igual. Nin vale que a liberación da peaxe dun tramo se repercute noutra suba no resto. Non vale porque xa imos fartos deses asuntos de empresas amigas, de casos Gürthel ou, simplemente, desas portas xiratorias que permiten (como no caso de ENCE) que os exaltos cargos teñan unha xubilación dourada en postos dos consellos de administración.

Alguén debería facer autocrítica sobre esa privatización, da maneira de xestionala, dos efectos sobre os nosos petos.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Parece ser que no último estudo sobre hábitos de lectura di que se le un chisco máis do que se lía hai anos. Non é un avance moi significativo, pero algo é algo. Canto menos, non se perden lectores e nese sentido as mulleres están moi por riba dos homes neste hábito tan saudable.

E terá que ver o traballo que se está a facer nos clubs de lectura? Pois non sei. O estudo non di nada pero hai que reconecer que estes grupiños de amizades unidos polo gusto pola lectura están a facer este labor o dobre de agradable.

Ler xuntos un libro e compartir impresións ao lado dun café sempre é

unha proposta apetecible. E se aínda por riba contamos coa compañía do escritor ou da escritora, mellor aínda. Porque os lectores de literatura galega, ademais, temos unha vantaxe da que se cadra non somos conscientes. Trátase da proximidade xeográfica cos nosos creadores. Iso permite que os poidamos coñecer de primeira man e que resulten máis accesibles.

Coñezo tres clubs de lectura ben xeitosos. Dous están vinculados a unha escola. Nun deles empezaron a traballar e xa están argallando un encontro literario-musical entre Fran Castro e Pedro Feijoo. Unha brincadeira xeitosa e divertida que promete. Outro




é un grupo de lectura por whatsapp. Todo vale para compartir vida e lectura. Déixovos seguir lendo esta revista.

1



3



2



4



A peneira

1

O 1 de febreiro fixo 25 anos do pasamento de **MONCHO VALCARCE**, e lembrámolo ao pé do seu busto no colexio que leva o seu nome nas Pontes, onde nos xuntamos para celebrar a súa paixón por Galiza e as/os máis pobres. Nesta comarca segue inzando o seu exemplo e ensino. A súa luz non esmorece.

2

As e os nenos do Frei Luís de Sarria están a descubrir a importancia do **MONTE** na comarca, impactados pola desfeita do verán que os afogou co fume. Neste proxecto implicáronse a ANPA, as e os mestres e o alumnado.

3

O **30**, aniversario de Castelao, celebramos o "Día da Ilustración" coa exposición "*Camilo Díaz Baliño: a xenialidade truncada*", ata o 7 de marzo na Cidade da Cultura. Camilo, asasinado polos fascistas nunha cuneta preto de Palas de Rei co estudante Sixto, foi un pintor en todas as temáticas, mesmo a relixiosa, en Ortigueira.

4

Os **NINGUÉNS** e outros colectivos de Vigo urxen vivendas de aluguer social para os sen teito e desafiuzados, pois no albergue municipal só poden estar dez días seguidos. Na foto, a exposición "*O Vigo que non sorri*", de Aarón Díez, lembrando a Óscar, que finou nun caixeiro a derradeira noite do ano.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

A Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (**ARMH**) loita contra o esquecemento das e dos máis de 200 galegos deportados na ditadura aos campos de concentración nazis. O día 1, na Casa Museo Casares Quiroga da Coruña, abren a exposición: «Francisco Boix, o fotógrafo de Mauthausen».

6

Os **KURDOS**, orixinarios das ribeiras do Tigris e o Eufrates, seguen sufrindo a marxinación en varios estados, sobre todo na ditadura de Turquía e coa persecución e acoso do Estado islámico en Siria, un dos países nos que convive a súa poboación, resistindo coa súa lingua e cultura.

7

O Instituto de Estudos do **TERRITORIO** convoca xuntanzas para solicitar información das e dos cidadáns sobre cores e materiais axeitados contra o feísmo: o 5 na Coruña, o 7 en Pontevedra, o 19 en Ourense e o 23 en Lugo; para máis información: tíf. 981 54 17 55.

8

O deporte a miúdo foi manipulado polas ditaduras; así, Putin quere aproveitar as **OLIMPIADAS** de Rusia para seguir encaramado na cima da política. E antes, nas de inverno, as dúas Coreas están a competir no seu afán de protagonismo.

Política Literatura e realidade

Pedro Pedrouzo Devesa



Cando lemos, adoitamos asociar o ensaio ao pensamento, a narrativa á evasión e a poesía ao sonho. Porén, son tres xéneros literarios que nos falan de distinta forma da realidade e posiblemente encontremos maiores doses de ficción naquel que, nun principio, semella máis obxectivo, o ensaio. Se entrase ás furtadelas en varios libros publicados nos últimos anos, encontraría estes textos:

A xenialidade do apartheid foi convencer unha poboación que constituía a maioría esmagadora do país para que se volvesen os uns contra os outros. En inglés apartheid soa como “apart” e “hate”; separar e odiar, e iso mesmo é o que fixo. Separar a xente en grupos e facer que se odiasen entre eles para poder esmagalos a todos. Daquela, a poboación negra de Sudáfrica superaba en número á branca nunha proporción de case cinco a un, pero estaba dividida en tribos distintas que falaban idiomas distintos: zulú, xhosa, tswana, sotho, venda, ndebele, tsonga, pedi e outros.

Trevor Noah: *Prohibido nacer*

Durante aqueles primeiros días producíronse tres reaccións contraditorias, pero tamén complementarias: o escándalo, o desexo de desquite e a piedade. A paixón pola desgraza allea reavivouse ao calor do asalto ao supermercado. Esa mesma piedade disfrazada de xenerosidade e aparentes bos sentimentos que tanta xente demostrara polos nenos cando se limitaban a pedir na rúa converteuse, primeiro, en escándalo e, logo, en rancor. As familias das vítimas acamparon diante do concello pedindo cabezas (a miña entre elas) e forzaron unha delirante reunión do pleno, na que se acordou algo que podería chamarse simple e claramente caza, pero que, como se trataba de nenos, decidimos denominar seguimento.

Andrés Barba: *República luminosa*

- *Teño a sensación de que están tirando o pobo enteiro ao lixo, tenda a tenda, casa a casa.*
- *Oh, que profundo, un vertedoiro filósofo.*
- *Lin que algúns economistas estudan o lixo como indicador económico.*
- *Canto máis hai na beiravía, máis robusta será a economía.*
- *Si? Nese caso..., volven os bos tempos!*

Derf Backderf: *Basura*

Agradézovolo, madre Teresa, respondeume, e nese punto observei que ela sempre me chamaba madre e eu sempre a chamaba irmá. Agradeceume o ofrecemento e eu xa estaba sacando os pregos e as plumas, cando engadiu:

Pero non vos molestedes. Non encontro beneficio nas letras, nin elas arraigan ben en min. Perderíamos as dúas o tempo.

Como, irmá? Non vos gustaría non depender de ningún para expresaros, non ter que dar ditados, non dicir que vos lesen? Non vos gustaría estar segura do que vós escribides e a vós vos escriben? Non vos gustaría ler por vós as Sagradas Escrituras?

Cristina Morales: *Malas palabras*

Encontro máis realidade nestes catro textos narrativos ca en moitos dos artigos de opinión e ensaio que tentan convencernos das propias opinións do autor que son, como todas, subxectivas, relativas, ás veces necesarias, pero..., e fundamentalmente, incompletas.



O peto común

O Concello da Coruña colocou unha placa no edificio onde naceu e viviu Moncho Valcarce, coñecido popularmente como o *cura das Encrobas*, con motivo dos 25 anos do seu falecemento. Chama a atención que en tempos nos que moitas administracións municipais tenden a retirar da rúa nomes e símbolos cristiás, un concello de esquerdas faga homenaxe a un crego. Chama tamén a atención o silencio da directiva da Igrexa. Un cura do que tanto se ten escrito, documentado e homenaxeado (o instituto de ensino de As Pontes leva o seu nome) parece que non existe no recordo da comunidade eclesial á que pertencía. A maior parte dos cregos novos non teñen noticia da súa existencia. Moncho Valcarce, coma outros relixiosos galegos, tirou polo camiño torto, o da incomodidade de se mesturar co pobo, e cun pobo asoballado. Foi valente e recibiu moitas malleiras no corazón e no corpo, especialmente aquela no cuartel de Betanzos. Fermosos son os seus diarios espirituais publicados hai anos. A mosan esa noite de profecía e mística que teñen que bater cunha realidade social inxusta. Recordándoo con afecto, deixo aquí estas palabras que escribiu, como homenaxe dos Irimegos:

“Defender os dereitos nacionais, consecuencia do seguimento, non supón absolutizar a idea de patria ou nación; todo o contrario, pois desde o concreto vívese aberto a outras necesidades e a outros pobos, e desde Galiza e para Galiza, compréndese que se traballa pola fraternidade universal conquistada por Cristo na resurrección”.



O CARRABOXO por ROBE LOIS



Actualidade 40 anos da revista Encrucillada

En febreiro de 1977 saía á rúa a primeira Encrucillada. 40 anos despois, o 19 de xaneiro de 2018, celebramos esta efeméride presentando na Real Academia Galega a última Monografía: As Letras Galegas na Encrucillada.

Con tal motivo, Andrés Torres Queiruga, Engracia Vidal Estévez, Pedro F. Castelao e Marisa Vidal Collazo reflexionan sobre o significado deste aniversario e nos presentan os contidos da Monografía.

Andrés Torres Queiruga

Estou emocionado por estes 40 anos de presenza tenaz e modesta. *Encrucillada* naceu nunha encrucillada importante. Estaba o impacto do Concilio Vaticano II, que foi unha explosión de esperanza, de creatividade relixiosa e de ilusión de futuro. Estaba a revolución do 68, que revolueu o planeta e fixo soñar utopías. Estaba finalmente o despertar da nova conciencia de Galicia, que volvía a súa propia conciencia após un longo estrañamento histórico.

A nosa revista naceu para responder a estes retos con clara vontade de atopar unha síntese na dobre identidade de ser galega e de ser cristiá, tentando conciliar estas dúas querenzas fortes: cremos nun cristianismo que se encarna na súa terra, na súa cultura, no seu idioma e que responde aos retos da actualidade que daquela marcaba o momento do concilio co seu entusiasmo.

A relación entre cultura galega e pensamento e vivencia cristiá, era entón moito máis viva que agora. Daquela

había máis entusiasmo, máis movemento, máis ilusión, máis esperanza. Hoxe todo está máis murcho e aparece esvaecido. Mesmo creo que cabe falar dun claro e triste apagón.

Con todo, estamos nun momento de crear a comunicación, a interface entre fe e galegitude, entre a Igrexa e o noso mundo cultural. É evidente que en Galicia hai un déficit neste campo: non existe diálogo. Os que pensamos e traballamos no campo da fe non atopamos eco no mundo da cultura, e os que traballan na cultura non encontran resposta na igrexa para que se deixe transformar.

Encrucillada asume o seu papel e quere ser o lévedo evanxélico que vai creando unha nova relación, abrindo esperanza e propiciando un novo achegamento que nos enriqueza a todos. Sairía gañando Galicia e gañaría a igrexa grazas ao impacto cultural e á inquietude social.

Os esforzos que se fan desde a cultura están a ser enormes. É necesario que a igrexa se enriqueza tamén con eles, que esperte e se encarne na súa misión. Non hai dereito a que desde a

xerarquía estea tan apagado o interese por Galicia, mesmo desobedecendo ao Concilio Galego, un concilio que a igrexa galega se deu a si mesma e que está completamente desatendido no goberno eclesial.

Non quero acabar con pesimismo, senón cunha chamada a esperanza. Celebrar 40 anos dunha empresa sen apoio oficial, feita gratuitamente, representa un sinal de que paga a pena traballar. Ergue entre nós unha bandeira de esperanza.

Estou emocionado por estes 40 anos de presenza tenaz e modesta



Encrucillada

Revista Galega de Pensamento Cristián

Engracia Vidal Estévez

Pedídesme unha pequena reflexión sobre os 40 anos de Encrucillada e do que supuxo para min a celebración do día 19 de xaneiro na Real Academia Galega... e iso necesariamente lévame ao vivido desde 1970. Falar de case cincuenta anos de historia non resulta doado en pouco espazo.

1970 foi o ano no que volvíñ á Galicia que deixara vinte anos antes... e podo dicir que era “outra muller”; con vinte anos máis no lombo e co forte impacto dun Concilio Vaticano II que removera os alicerces de persoas e institucións. Daquela, descubrín, grazas ao ambiente no que se desenvolveu a miña vida, o que significaba Galicia, a súa cultura, a súa lingua... e fun facendo síntese entre oración e acción, entre cultura e fe, entre coñecementos e compromiso.

No 1974 invitoume a Congregación a facer un curso en París, sobre *A fe e o desenvolvemento dos pobos, orientado a persoas que querían traballar no Terceiro Mundo*. Alá marchei e tentei aproveitar aquela experiencia tan rica. Alí estivo Galicia en todos os traballos de grupo no que aparecían zonas de África, de América do Sur, de Asia... E cando xa pensaba ir a algún país afastado, chégame a información dun proxecto de “*revista galega*” e a petición de que me responsabilizara

dela... Esta petición concretouse en Barcelona, onde me entrevistei con María Pilar Wirtz que me achegou máis datos. Despois de informar a miña Congregación e cos permisos logrados fun buscar traballo en Ferrol, cidade elixida por ser, naquel intre, unha diocese que dependía dun bispo “galego” como era don Miguel Araújo. Recibíume moi ben e deume traballo como profesora na “Filial” de Canido que dependía do bispado (neses anos para atopar traballo había que acollerse á Igrexa antes ca o Estado, algo que será de difícil comprensión para moita xente de hoxe).


Alá fun no mes de agosto a buscar casa, e tiven o apoio de don Miguel, de Martinho, de Pepe Couce, de Ramón D. Raña, de Anxo, de Afonso, de Segundo, de Anxeles Díez, de Maiu, de Minucha... Despois dun mes vivindo na Domus, atopei a casa da rúa da Insua do *Laus Deo dos dous tomos da Monografía As Letras Galegas na Encrucillada, editado agora con motivo dos corenta anos*.

O permiso governamental para editar a revista non chegaba e houbo que esperar a febreiro de 1977 para sacar o número 1. Logo xa saíu con

Sigo
achegando
o meu gran
de area e
agradecendo todo
o que se fai e
se fará

normalidade e puntualidade, pode dicirse que sen grandes problemas, aínda que sempre houbo que estar alerta para non provocar reaccións que resultaran negativas. O cambio da sede a Pontevedra, veu por necesidades familiares miñas, e aquí estivemos desde 1981 ata que hai 10 anos veu para Santiago, onde outras persoas seguen sostendo a chama da Asociación, da Revista, das Monografías, dos Foros, do que saía... Eu sigo achegando o meu gran de area no que podo e agradecendo todo o que se fai e se fará.

Moitos anos máis para ENCRUCILLADA!!!



Pedro F. Castelao.

A **modernidade** é un fenómeno extraordinariamente complexo. En occidente irrompeu como un tsunami e causou unha preamar de horizontalidade moi fecunda para o florecemento das ciencias empíricas e a tecnoloxía, pero asolagou unha realidade capital: a dimensión transcendente e metafísica. «Dimensión perdida», chamoulle Paul Tillich á dimensión relixiosa da existencia. Con luz tenue, sen estridencias, pero constante no seu acompasado aparecer, *Encrucillada* leva corenta anos

mergullándose coma un mergullador cunha fráxil baliza nunha superficie inzada de múltiples e equívocos reclamos empeñados en dicir que nada hai no fondo do mar. Aquí estamos indicando tan só que no cerne da nosa cultura hai un importante penedo co que tarde ou cedo todos nos debemos confrontar, pois todos estamos necesariamente obrigados a facernos cargo, en serio, da nosa existencia. Soñamos nós cando cremos no eterno amor omnipotente de Deus coma fundamento de todo ou somos os que tal cousa cremos os únicos espertos rodeados de somnábulo que ignoran, porén, que dormen?

Non son estes corenta anos de singradura un peirao de chegada, senón un novo porto de partida. Temos por diante un longo e duro traballo na fronteira da relixión cristiá e a cultura

galega. Traballando por trazar pontes, establecer espazos de confluencia en galego, desde Galicia. Convertendo en pensamento os cruceiros dos nosos camiños nos que, cos pés ben ancorados na terra, o camiñante é invitado tamén a mirar ao ceo.

Temos por diante un longo e duro traballo na fronteira da relixión cristiá e a cultura galega

**Marisa Vidal Collazo**

Como parte do equipo editor da Monografía *As Letras Galegas na Encrucillada* presentada na RAG quero contar desta obra que recolle en 78 traballos a achega de *Encrucillada* ás nosas Letras nestes 40 anos. 51 destes artigos son a homenaxe anual da revista aos 40 autores e autoras celebrados cada 17 de maio, de 1978 a 2017 e cos que compuxemos o tomo I titulado *As Nosas Letras*. O tomo II, *Outros autores*, en 27 estudos achégase a autores ben coñecidos do panorama literario galego xunto a outros que non o son tanto, pero que no seu día quixemos poñer

en valor. Pecha a obra un artigo de Xesús Portas Ferro que analiza a perda de identidade cultural e literaria en Galicia no devalo da Idade Media. Amais de aos meus compañeiros no equipo editor, quero agradecer de xeito especial o traballo de Siro López e Sole Pite, os nosos ilustradores de cabeceira, que coa súa xenerosidade converteron o libro nunha realidade agradable á vista.

Con todo, a medida que ía revisando o contido dos artigos foime xurdindo un malestar: onde están as mulleres das Letras en *Encrucillada*? Só hai tres mulleres sobre as que se escriben artigos: Francisca Her-

rera Garrido, María Mariño e Rosalía de Castro e só hai sete autoras (Camino Noya, Helena Villar Janeiro, Engracia Vidal Estévez, Pilar Pena Búa, Teresa Monteagudo, Teresa Pérez Vázquez e Marica Campo) fronte a trinta e oito varóns.

A época de maior publicación de estudos literarios en *Encrucillada* son os anos 80, e está claro que o que hoxe sabemos e pensamos sobre o traballo literario das mulleres é ben diferente ao de entón. Este dato achega perspectiva histórica á esta ausencia, pero non pode ser a perspectiva para o futuro.

Encrucillada hoxe está apostando por visibilizar as mulleres na teoloxía e na cultura. Coidar a presenza e a voz das mulleres é, ten que ser, o noso compromiso, e gustaríame que fose tamén o reto de cada un, cada unha de nós. A Humanidade e Galicia están precisando, máis que nunca, o recoñecemento e o facer das boas e xenerosas.

Encrucillada hoxe está apostando por visibilizar as mulleres na teoloxía e na cultura

Os bois de Farruquín

Eran fortes e ben armados. Formaban unha parella que poñían fachendoso a calquera. Non había outra parecida en toda a redonda. Así eran os bois de Farruquín. Entendían por Marelo e Rubio. Mercáraos de xovencos. Nunca un desgusto lle deron, pero botou contas e saíulle que era hora de cambialos. Decide levarlos á feira do nove. A vésperak acicálanos con xeito. Cárdanlles o rabo, repásanlles os cascos, rápanlles uns pelos longos que lles afeaban a croca... En fin, engalanáronos canto puideron.

O Marelo púxose moi contento. Case non durmiu pensando en que ao día seguinte, no canto de ir carear piñeiros no monte da Castiñeira, ía ter algunha festa. Iso! Tiña que ser unha festa, pensaba. O Rubio -que era un ano máis vello- tampouco durmiu aquela noite. Remoía na herba seca que lle deran de cea; e remoía no que lle daba o corpo que ía acontecer. Cavilaba que non era para ben tanta galanura. Se en tantos anos só houbera traballo, agora... que cabería esperar? E seguía remoendo.

Pola mañá cediño, moito máis cedo ca o normal, déronlles unha encaldada. Bebérona dun sorbo. De seguido, lévanos camiño da feira. O Marelo ía contento. Notábaselle no andar. O Rubio ía preguiceiro, como se deixase algo na casa que tirase por el para atrás. Nun arrouto de xenio, atrávesase por diante, asenta o corno esquerdo por riba do dereito do compañeiro e, xuntando case ollo con ollo, dille convencido:

- E logo, sei que levas présa!

Ao que lle respondeu de seguida sen parar de andar:

- E non te decatás que imos para a feira? Hoxe cambiaremos de dono. Xa verás que ben! Co limpos e galanos que nos puxeron, imos ter moitos pretendentes...

O Marelo escoitou as paparruxadas do Rubio, ao tempo que lle sacudía a testa facendo soar os cornos. Despois de tantos anos de traballar xunguidos, hoxe descubría que na cabeza do Rubio non había máis ca serraduras. Cruzándose de medio corpo por diante del na congostra e, obrigándoo a parar, díxolle moi serio:

- En vez dun boi, pareces un burro. Que pouco levas deprendido! Nunca vin que merquen un boi para telo de adorno ou levalo á festa. Mercan un boi para traballar. E cando non tires polo carro, lévante ao matadoiro ou tírante na furada. Cando aprenderás, burrazán?

Despois de dar unha volta pola feira fun ao bar “La Chispa”. Alí estaba o Rogelio. Alegrouse ao verme e convidoume a un café. Estaba fóra de si. Algo anormal. Contoume -ás veces cavilo se será unha trola- que se vai para unha nova empresa. Polo brillo que amosaba nos ollos, cabe imaxinar que debe ser a gloria. Pero eu, que xa vou entrado en anos, penso e repenso: para onde irás boi, que non ares?



Eloi Villada Legaspi
(Enxeñeiro Técnico Agrícola)



Distribución de xurro cunha cisterna de prato

A orixe do problema

O día 11 de novembro de 2017 publicouse no BOE unha “modificación do Real Decreto, de 19 de decembro de 2014, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciben pagos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural ou pagos, etc.” Por mor da devandita modificación, engádense dous novos parágrafos ao final da BCAM 6 (Boas

Acúsase o xurro mal distribuído das emisións de amoniaco e de contribuír á chuvia ácida

Condições Agrícolas e Medioambientais), que afectan á aplicación de xurros e esterco sólidos nas superficies agrícolas. O contido é o seguinte:

“A aplicación de xurros nas superficies agrícolas non poderá realizarse mediante sistemas de plato ou abano nin canóns; as comunidades autónomas poderán establecer excepcións, atendendo ás características específicas das superficies afectadas, incluídas as condicións orográficas e climáticas ou outros motivos, debendo quedar estas debidamente xustificadas”

“Os esterco sólidos deberán enterrarse despois da súa aplicación no menor prazo de tempo posible. Non obstante, poderanse exceptuar desta obriga, se a comunidade autónoma así o establece, os tipos de cultivo mediante sementeira directa ou mínimo laboreo, os pastos e cultivos permanentes e cando a aportación do esterco sólido se realice co cultivo xa instalado”

O decreto entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2018; por tanto, tería que estar cumpríndose xa nos días que van transcorridos dos meses de xaneiro e febreiro. Porén, o xurro segue a producirse e almacenarse diariamente nas granxas e os equipos de distribución (cisternas) dispoñibles na inmensa maioría no medio rural galego son de plato ou de canón, os agora oficialmente prohibidos.

A agricultura e a gandeiría son emisoras de gases de efecto estufa (invernadoiro), os ruminantes emiten importantes cantidades de metano á atmosfera, pero tamén os cultivos en xeral; agora ben, cómpre ter en conta tamén que as dexecións do gando son adubos orgánicos de alta calidade necesarios para manter a fertilidade e estrutura dos solos, polo que cómpre considerar a gandeiría como imprescindible para manter os sistemas de produción de alimentos a nivel mundial, tamén para a súa produción sustentable e para manter a humanidade. Do que se acusa ao xurro mal distribuído é das emisións de amoniaco (NH₃) á atmosfera e de contribuír á chuvia ácida.

Por que agora?

A produción de porcino multiplicouse en España, e xa é o país europeo con maior número de porcos: 29,2 millóns. Aragón e Cataluña reúnen

máis da metade do censo, seguidas de Castela-León, Andalucía, Murcia e Extremadura. A consecuencia é que se considere que España é un país saturado de xurros e estes non pasan por plantas de tramento de xurros para coxeneración de biogás e descontaminación, que se foron pechando (en Galicia funcionou unha no concello de Sarreaus), nin para seren enterrados. España é, logo de Alemaña e Francia, o terceiro país en emisións de NH₃ de Europa; esta é a

non tupan os tubos de distribución. Os equipos de distribución de xurros que cumpran as esixencias son moi caros e dificilmente asumibles economicamente para as explotacións de tamaño medio e pequeno; para dar unha idea, unha cuba de 14 000 litros con triurador de residuos e tubos de distribución e cunha anchura de traballo de 14 metros costa ao redor de 65 000 €, as maiores dimensións poden superar os 120 000 €. A adaptación das cisternas que teñen os gan-

específicas das superficies afectadas, incluídas as condicións orográficas e climáticas, non houbo ata o momento ningunha comunidade que establecese as posibles excepcións, e menos a galega, atentas e sometidas como están ao proceso recentralizador do Estado. Isto é debido a que o real decreto é unha chapuza para saír do paso, publicado só con intención xustificatoria diante da UE. É imprescindible publicar unha orde a nivel galego que contemple unha moratoria total para os xurros de ruminantes durante, polo menos, dous anos, excluír da prohibición do uso do canón e do prato as zonas declaradas de montaña e calquera tipo de parcela inferior a media hectárea e as que teñan unha pendente superior ao 7-10%, establecer un programa de axudas específicas para a renovación e substitución progresiva da maquinaria de distribución dos xurros, que debe durar ata o ano 2025, como xa acontece en Francia. As medidas propostas son meramente indicativas, as definitivas deberían establecerse logo de consultar cos representantes do sector gandeiro e as súas organizacións profesionais, e canto antes mellor.

O sector do vacún galego ten escasísimas responsabilidades nas emisións de amoniaco

razón da publicación do RD, logo dunha seria advertencia a España que a obriga a reducir as emisións do devandito gas. As cifras a nivel europeo mostran que o vacún de leite só emite o 4,4 % do NH₃ que vai á atmosfera, polo que se considera que a maior responsabilidade está ligada ao porcino e ao uso abusivo de adubos nitróxenos na agricultura. Semella bastante claro que o sector do vacún galego ten unha escasísima responsabilidade nas emisións de amoniaco.

As dificultades para resolver o problema

A primeira dificultade para o sector gandeiro é que se enterou de sopetón de que non pode empregar, para a xestión e distribución do xurro que diariamente producen os seus animais, os medios mecánicos dos que dispón na actualidade e que, ademais, o problema non se pode resolver a curto prazo. Só uns poucos gandeiros ou algunha empresa de servizos especializadas dispoñen de distribuidores apropiados, mesmo as cisternas existentes non se poden transformar, pois requiren un mecanismo triturador para que as partes sólidas do xurro

deiros á normativa vixente non vai ser doada nin barata e probablemente en moitos casos imposible, algo difícil de asumir economicamente, tanto para moitas granxas e mesmo para dar axudas por parte da Administración.

Como solucionar o problema

Aínda que o real decreto di de maneira explícita que as comunidades autónomas poderán establecer excepcións en función das características



Cuba para a distribución de xurro por inxección

O noso taboleiro

As letras galegas na Encrucillada.

A revista *Encrucillada* vén de celebrar o seu 40 aniversario e faino editando unha monografía en dous tomos *As Letras Galegas na Encrucillada*, que recolle os 78 estudos literarios que ata o día de hoxe leva publicado sobre diferentes autores e autoras das nosas letras. A obra preséntase en dous tomos.

O primeiro volume, *As nosas Letras*, recolle as 51 homenaxes escritas feitas desde 1978 a 2017 aos autores e autoras aos que a Academia foi dedicando o Día das Letras Galegas, desde Antonio López Ferreiro a Carlos Casares.

O segundo volume: *Outros estudos*, recolle 27 traballos que resaltan a espiritualidade na obra de autores que xa tiñan sido homenaxeados no Día das Letras antes do nacemento da revista *Encrucillada* (Rosalía de Castro, Castelao, Ramón Cabanillas, Álvaro Cunqueiro, Otero Pedrayo, Florentino Cuevilas e Celso Emilio Ferreiro) e a de outros nas que a revista se tiña fixado por ter unha obra canto menos salientable (Antonio Rey Soto, Alfredo Conde, Faustino Rey Romero, Antón Tovar, Crecente Vega, Rodríguez Pampín, Antón Vidal Martínez e Xosé Chao Rego). Pecha a obra un estudo de Xesús Portas Ferro, no que fai unha acertada análise da perda de identidade cultural e literaria en Galicia no deva-lo da Idade Media.

Agradecemos o traballo calado da xente que, nestes 40 anos, preparou e coidou con esmero a edición e publicación, cada dous meses, da revista *Encrucillada*. Nomeadamente a Andrés Torres Queiruga, Engracia Vidal Estévez e ás persoas que formaron parte das diferentes mesas de redacción. Grazas tamén aos nosos ilustradores, Siro Lorenzo e Sole Pite.

O seu traballo xeneroso fai posible que hoxe podamos ter esta obra nas mans.

As Letras Galegas na Encrucillada

Estudios literarios en 40 anos da revista

Tomo I: Día das Letras



Encrucillada MONOGRAFÍAS

PVP: 45 €

Distribúe: Vozesnavoz

Pedidos a: La Voz de la Verdad, Rúa bispo Aguirre, 17, 27002 Lugo

Teléfono: 982 23 11 04



40 anos
da revista
Encrucillada



Deputación
DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripciones@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 TIRADA: 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



Pasou Nadal, chegará o Entroido e así vai pasando a nosa vida. Uns días atrás doutros coa rutina cotiá, sen moitas diferencias: almorzar, xantar, cear, durmir, espertar, traballar, descansar, de cando en vez algunha alegría e tamén ás veces unha mágoa, e pasan os anos e cando te decatás alá vai media vida.

Son afortunados os que viven de xeito que cada día lles trae unha ledicia e non precisan que lles toque a lotería para estar contentos. Para os demais é importante lembrar que, así como as festas se nos fan moi curtas, as desgrazas, aínda que nos parezan difíciles de aturar, tamén teñen final.

E todo isto vén a conto do leproso do evanxeo, que despois de sandar recibe a orde de calar e podemos imaxinalo dando chimpas de alegría, contándolle a todos cantos veciños se atopa e facendo unha boa propaganda de Xesús. Quen non habería de facer o mesmo! As alegrías saen pola boca porque rebordan do corazón ata polos ollos. Non o esquezamos nos malos momentos. Chegados ao fondo so queda tirar cara arriba.

Olga Álvarez

Xesús, estremecido, alongou a man e tocouno

Quizais unha das cousas que na nosa mentalidade moderna e máis difícil de asimilar é a actividade terapéutica de Xesús, non tanto porque cure, senón porque moitas veces o vemos coma un "milagreiro". Tradicionalmente púxose nesta capacidade do mestre unha demostración da súa divindade e esqueceuse a intención orixinal deses relatos e a visión que no mundo antigo tiñan de ese tipo de accións.

No mundo dos evanxeos a medicina popular, "os curandeiros", era algo habitual pois os médicos profesionais eran moi caros e so tiñan acceso a eles as clase privilexiadas. Sen entrar na posibilidade científica ou non de facer ese tipo de curacións o importante e ver o significado que teñen da misión e na vida do Mestre.

No relato de hoxe tratase da curación dun gafo. E nel hai dúas cousas importantes a ter en conta. Por un lado, os gafos eran pola súa enfermidade expulsados da convivencia social e da relación ca divindade pola súa impureza (Lev 13,45). A relación co puro/impuro era central na sociedade de Xesús e marcaba a fronteira entre a integración e a marxinação. Non era tanto a enfermidade en si senón a estigmatización social que esta supuña. Por iso o gafo non lle pide o Mestre que o cure senón que o limpe.

Por outro lado, é significativo no relato que cando a xente sabe que Xesús tocou (non que o curou) o gafo non pode entrar en ningunha vila. O Mestre o curar o gafo o inclúe de novo na vida colectiva pero el fica fóra, asume a súa marxinação. É esta é a clave, Xesús non cura para demostrar a súa divindade, senón para ofrecer e visibilizar a salvación gratuíta de Deus. E iso non é sempre fácil de asimilar por os que poñen a forza nos merecementos e na pureza.

Carme Soto

DOMINGO 11 DE FEBREIRO. VI do TEMPO ORDINARIO

A PALABRA. Mc 1, 40-45

Naquel tempo, acercóuselle un gafo, e rogoulle de xeonllos: «Ti, se queres, pódeme limpar.» Xesús, estremecido, alongou a man, e tocouno, dicindo: «Pois quero, queda limpo.» E no instante desapareceulle a lepra, quedando limpo. 43 despediuno, e, poñéndose moi serio, mandoulle: «Mira, non lle vaías dicir nada a ninguén; preséntate ao sacerdote, e fai pola túa purificación as ofrendas mandadas por Moisés, para que lles conste.» Mais, mal se foi, aquel home botouse a pregoar a nova, espallándoa de tal xeito que Xesús xa non podía entrar en vila ningunha, senón que quedaba fóra, nos arredores apartados. Mais aínda así acudían a el de todas as partes.

Falando da lingua Fuxindo do last!

Lidia e Valentina



Estoutro día as nosas mozas pequenas chegaron da escola todas emocionadas, escachando coa risa, por un vídeo que lles puxera a profesora de Lengua Española: tratábase dun vídeo dunha campaña da Real Academia Española (RAE) para reivindicar o uso do español no ámbito da comunicación e deixar a un lado, fuxir, dos anglicismos, que nos poden levar a tantas confusións. É xa unha iniciativa de maio de 2016, no que a RAE trataba de ridiculizar como o oínte dun anuncio compraba unha colonia que tiña un nome atractívísimo (“Swine”, “porco” en inglés), pero que realmente seica

cheira como o seu nome indica; e outro que compraba as gafas de sol “blind effect”, moi molonas!, seica “as únicas gafas que non che deixaban ver nada e que, efectivamente, non deixaban ver NADA!, “efecto cego”, como ben indica o seu nome. O caso é que tanto anglicismo parece o máis moderno, o “máis mellor”, pero a realidade é que, incluso para os que entendan a lingua, o significado pasa a parecer só comercial e... pasa o que pasa... Cantos letreiros na rúa, nos escaparates das tendas, lemos agora e cantas cousas escoitamos que seguro que moitos de nós nin sabemos de

que están a falar. Desde a RAE din que esta epidemia de anglicismos “empobrecen la lengua castellana e inducen al olvido de algunos de sus términos.” Parece que se medra unha cuarta e que se queda como un ilustrado se se utilizan un par de termos en inglés no discurso, parece que a mensaxe gaña en importancia...

Aproveitamos a forza da RAE para animarvos a que fuxades dos anglicismos cando falades a nosa lingua, cando falades o galego. E tamén lle vén moi mal ao galego utilizar castelanismos! Nós temos o noso propio termo! Recordade que o único que facemos así é empobrecer a nosa lingua e esquecer os nosos termos... É certo que nalgunhas ocasións teremos que recorrer ao inglés, ao francés ou a calquera outra lingua para nomear algo que non existe en Galicia, para o que non temos aínda palabra, pero o castelán está na mesma altura ca nós, non precisamos recorrer a el.

Despois está o caso do que renuncia á lingua da terra que lle dá de comer e fala de “el cotelo de la carne”, “el cotelito”..., para enriquecer a lingua veciña. Elas veñan acompañadas...

O Fachineiro da despoboación

Devalar

O título deste fachineiro é tamén o dunha obra de Otero Pedrayo, xeógrafo e historiador de profesión. Ben seguro que don Ramón, nos edificios verbais que diariamente construía nas súas clases da facultade e nos nutridos faladoiros que frecuentaba nunca puido imaxinar a marxinalidade demográfica á que se está deixando ir o país. Nas condicións laborais que sofre o precariado máis novo, hai que ser afouto para ter unha crianza, sobre todo cando non saben se van ter casa nin brasa ao mes seguinte. Nin sequera queda o recurso das pensións dos avós, que celebran a regalía dun farturento 0,25% (tentación ten o fachineiro de amentar o 4% que sobe a peaxe da AP9



pero non o vai facer). Non hai moito que o xornalista Marcos Pena sinalaba en eldiario.es, un dos poucos que se poden ler, como Galicia pasou de ter máis de 800.000 persoas no rural no ano 85 ás 45.000 de hoxe. Unha poboación envellecida, e con 2000 núcleos de poboación abandonados, estes números da Galicia pantasma non paran de medrar. E non só porque, como dicía o outro, está morrendo xente que nunca morrera, senón

porque nos deixamos ir tanto no lingüístico, coma no económico, no ambiental ou no demográfico. O malo do galego é que ten o ego ao final. Esa é unha das reflexións que aparecen na *Crítica da razón perralleira*, a última obra de Mofa e Befá. Polo menos no teatro aínda rimos dos nosos males.

A.Q.